



CURSOS DE CONDUCCIÓN EFICIENTE DE VEHÍCULOS

Unha medida para aforrar combustible e reducir emisións

Obxectivos

O obxectivo destes cursos, é realizar un uso máis racional do vehículo e ofrecer un novo estilo de conducción para promover un cambio de actitude nos usuarios.

A conducción eficiente consiste en aplicar unha serie de técnicas para reducir o consumo de combustible e a contaminación medioambiental e ademais, conseguir aumentar a seguridade viaria e o confort a bordo. Segundo datos facilitados polo Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE) os españois aforrarián un 15% anual en combustible cunha conducción máis económica e sen diminuír a velocidade media.

Profesorado

O curso contará con monitores/as expertos/as que explican as técnicas ao volante para aproveitar a eficiencia enerxética dos vehículos actuais. O alumnado terá a posibilidade de comparar a influencia das técnicas de conducción no consumo de combustible mediante unha proba práctica antes e despois da sesión teórica.

Estructura

O curso realízase nunha única sesión cunha duración aproximada de 2 horas, sendo a estrutura do curso:

- Quenda de conducción normal por cada alumno/a
- Sesión teórica
- Quenda de conducción por parte de cada alumno/a, aplicando as técnicas de conducción eficiente
- Exposición de resultados das quendas

Para a realización das prácticas porase a disposición dos alumnos/as un vehículo con medición de consumo. O número de alumnos por vehículo será como máximo de catro. As roldas de conducción serán realizadas por cada un dos catro alumnos do grupo. O curso levarase a cabo nun percorrido que conte coa maior parte dos elementos representativos da circulación (cruzamentos, rotondas, vías de dobre sentido, pendentes en subida e en baixada, etc.) e nas que a aplicación dunha ou outra técnica achegan diferenzas en consumo.

A os asistentes entregaráselle un Manual de conducción eficiente así como un diploma acreditativo da participación no curso.

Requisitos

Contar cun mínimo de 8 persoas que dispoñan de carné de conducir tipo B e sexan condutores habituais. O día do curso os alumnos terán que levar orixinal e fotocopia do carné de conducir.

Para a execución dos cursos, os concellos inscritos so deberán de facilitar un espazo para o desenvolvemento da parte teórica, así como recoller as inscricións individuais, para o que a organización facilitará o concello modelos de carteis de divulgación e de fichas de inscrición individuais.

Custe

Cursos totalmente gratuítos para o concello e os participantes financiado polo Instituto Enerxético de Galicia (INEGA) con fondos do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE)

Horario e Datos

Os cursos impartiranse nunha única sesión de dúas horas, en horarios de mañá e/ou tarde, que se fixarán de común acordo entre o concello e a organización do curso, en función do calendario da campaña e dispoñibilidade do profesorado e recursos.

Información e inscricións

Os concellos que desexen participar nesta convocatoria, deberán cumprimentar e reenviar ao CEIDA o correspondente boletín de inscrición que pode descargar nesta mesma web.

Máis información en:

■ CEIDA, Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental ■ Tlf 981 630 618 ■ educacion@ceida.org ■

